

A EXPETIENCIA

Elaboración dun mural por aula reutilizando material de refugallo. En cada un dos paneis se reflicten os catro elementos da natureza clásicos: Auga, vento, terra e lume.

OBXECTIVOS

- Reflexionar sobre a conveniencia de reciclar para a sustentabilidade.
- Ser quen de sacarlle o máximo proveito ao material xa desbotado, dándolle unha segunda vida, neste caso “artística”.
- Fomentar a colaboración de cada aula como grupo, sabendo que “todas as pezas son imprescindibles para o remate do puzzle”
- Afrontar unha tarefa de xeito colectivo, fomentando a responsabilidade, o respecto e aceptación dos compañeiros/as.



PROCESO

O traballo plantéxase dende a área de Educación Plástica, pero sempre incluído no proxecto de aula sostible que levamos traballando. Trátase de ser quen de cumprir con varios requisitos e decorar a aula de xeito creativo e responsable.

Pártese dun debuxo rectangular e apaisado no que aparece o



globo terráqueo centrado, no espazo. Sobresaen catro cadrantes nos que se sitúan os catro elementos, AIRE, AUGA, TERRA e LUME.


Unha vez rematado divídese e enumérase por detrás.

A cada alumno se lle da unha peza do puzzle de xeito desordenado para que non estean traballando ao lado dun semellante e podamos contar co factor sorpresa. As condicións eran: tempo limitado, só material de refugallo, cola e témperas para rematar en caso necesario e limitáronse as gamas cromáticas de cada elemento.

En canto ao globo terráqueo limitouse a terra ao verde e a auga ao azul. Suxeríuselle tamén a todos que motivos podían ilustrar cada zona e cada un levaba o seu anaco sabendo a qué área pertence.

LOGROS:

1. Consolidar a responsabilidade ambiental como un recurso máis á hora de crear.
2. Aumento da solidariedade entre compañeiros conxuntando ideas e esforzos á hora de traballar.
3. O alumnado implicase na mellora das estratexias de comportamento sostible e na conservación das mesmas.



DIFICULTADES:

Coordinar ao alumnado tendo en previsión o tempo que hai que investir antes rotulando e cortando os cartóns de fondo.



i. e. s.
terra de turonio
gondomar




CLAVES DO ÉXITO

A motivación do alumnado que sente para que se sinta parte imprescindible do resultado final.

A enerxía posta polo alumnado partiu da certeza de sentirse implicados, importantes e necesarios nun proceso de cambio cara un futuro mellor.

Chegar a considerar o espazo común parte do seu día a día, amosando con orgullo os avances conseguidos.



Xornadas de profesorado A21EG

Santiago, 3 e 4 de xuño de 2011



I. e. s.
terra de turonio
gondomar



reciclARTE

IES TERRA DE TURONIO- CRISTINA BREA LODEIRO



AIRE, AUGA, LUME E TERRA.



O reto:

Ser quen de fragmentar unha imaxe e traballala por separado sen que se perdesa a unidade. Por outra banda reforzouse a a creatividade para que o alumnado ao indicarlle que tiña que utilizar de material de refugallo, fuxindo da cada vez máis frecuente ansia de materiais novos.

